

A prensa betanceira (III)

De "Nueva Era" a "El Eco de las Mariñas" 1912-1956

XESUS TORRES REGUEIRO

A TERCEIRA XEIRA

A terceira xeira da prensa local abrangue un período dilatado de tempo mais probe en publicacións se o comparamos coas dúas xeiras anteriores. Ao longo de 44 anos contabilizamos unicamente unhas 14 publicacións espaciadas no tempo, con longos períodos de inexistencia de prensa.

Algunhas delas non foron máis que intento, non pasando do primeiro número (*El Lince*) ou acadando curta vida (*Betanzos*, *La Batalla*, *Patria*, *La Semana Brigantina*...). Tres deles son publicacións institucionais, patrocinadas polo Axuntamento (*Anuario Brigantino*, *Boletín de Información Municipal*) e polo Instituto de Ensino Laboral (*Albor*). E aínda sería duvidoso incluír dentro da prensa periódica a *Revista Núñez* e o *Anuario Brigantino*, non soio pola súa pretendida periodicidade anual senón tamén polas súas especiais características. Se decidimos incluílas non é tanto pola confesada vocación de continuidade destas publicacións como por unha tradición, posiblemente escomenzada por Vales Villamarín e continuada por todos os que trataron a prensa local, que sempre as incluíu.

Non é ese o caso de *Betanzos MCDXVI-1916 (I)* pois, pese ao formato e forma de periódico, trátase dunha única publicación conmemorativa do quinto centenario do voto da cidade ao patrón San Roque, publicada o dazaseis de agosto de 1916, iso si con moitos artigos, reportaxes de actualidade e anuncios, profusamente ilustrada.

A periodicidade desas catorce publicacións reflexa a paulatina decadencia dunha prensa local que xa tiña acadado as súas máximas cotas e que dificilmente pode competir coa prensa provincial ou "rexional" e aínda estatal que acaban introducéndose na localidade mercé á millora das comunicacións. Así, a periodicidade semanal que viñan mantendo a maioría das publicacións locais, e que aínda van manter nesta xeira algunhas publicacións como as vencelladas ao sector caciquil-liberal, non pode ser continuada polas que irán xurdindo e que pasan a ter, na súa maioría, unha periodicidade quincenal. Moitas publicacións deste etapa perden a súa condición de "periódico" para acercarse máis ao carácter de "revista", tanto na súa presentación e formato como na periodicidade (2).

Dentro da heteroxeneidade das publicacións desta terceira xeira compre destacar a aparición dun órgano nacionalista, *Rexurdimento*, vencellado ao movemento das Irmandades da Fala, e da primeira publicación propiamente obreira, aínda que restrinxida ao sector dos traballadores do ferrocarril: *El Luchador Ferroviario*.

Outra característica xa comentada, desta xeira é a aparición de publicacións institucionais durante a post-guerra, financiadas polo concello e pola Dirección Xeral de Ensino Laboral, aínda que tamén poderíamos incluír dentro das publicacións institucionais a *Patria*, que xurdira na Ditadura de Primo de Rivera como órgano da Unión Patriótica —partido creado polo propio ditador— e patrocinado polo delegado gubernativo do distrito.

DE "NUEVA ERA" A "EL ECO DE LAS MARIÑAS". 1912-1956

Despois da desfeita de Solidaridad Gallega o bando político e social dominante desenvolve a súa actuación sen un movemento de oposición forte. Nas eleccións municipais de 1911 o bando "agustinista" (3) impónse en todos os axuntamentos da bisbarra e no propio de Betanzos. Os liberais

* Xesús Torres Regueiro, betanceiro, é profesor de E.X.B. e investigador de temas históricos dos s. XIX e XX.

(1) Respecto desta publicación decía Carré Alvarellos (asinando E.C.A.) no n.º 115 do boletín da Real Academia Gallega, de 1-III-1917, tomo X, pág. 193: "Betanzos en el quinto centenario del voto a su glorioso patrono San Roque. Betanzos, 1916.— Ptas 1. Fol. mayor, 28 págs. de texto y 18 de anuncios, ilustrado profusamente. Con este título y el objeto que indica, se ha publicado en la ciudad de Betanzos un número único muy bien editado por cierto y que honra a la tipografía brigantina". Imprimírase no obradoiro de Manuel Villuendas. No Arquivo Municipal de Betanzos existe un exemplar.

(2) Este proceso foi xeral na prensa galega. Así, a través das estadísticas oficiais realizadas nos anos 1913, 1920 e 1927 obsérvase un descenso da prensa diaria e semanal, tanto na provincia da Coruña coma no conxunto de Galicia, mentras se de un aumento da publicacións con periodicidade decenal, quincenal ou mensual. Vex. Jesús M.ª Palomares Ibáñez: "As estadísticas da prensa periódica e a prensa de Galicia", en Grial, anexo 1. Historia, Vigo, 1982, pág. 37 a 65.

(3) É o propio órgano *La Aspiración* o que califica como "de don Agustín" aos concelleiros que acadan os liberais nos concellos do distrito.

voltan imporse nas municipais de 1913 en todo o distrito. En Betanzos, o axuntamento fica composto por 14 liberais e 2 da minoría. Nembargantes, e como mostra do funcionamento do turnismo, ao detentar os conservadores o turno de goberno no Estado, será elixido alcalde o conservador Antolín Sánchez Valeiro.

Esta tónica será a imperante ao longo da Restauración até a chegada da Ditadura, se ben a fonda crise que sume ao sistema canovista afectará aos propios partidos turnistas e aos mesmos bandos e familias políticas. Así, o control e dominio que don Agustín García Sánchez exerce en Betanzos e no distrito vai ser contestado dende dentro da su propia familia e bando político: César Sánchez Sanmartín —ex-alcalde e curmán do omnipotente don Agustín— e os seus fillos, César, Francisco e Adolfo Sánchez Díaz pisan forte agora na política do turnismo cuestionando as directrices agustinistas (4).

A gran crise económica producida nos anos posteriores á primeira guerra mundial faise patente tamén en Betanzos coa desaparición de pequenas industrias e da grande fábrica de curtumes dos Etcheverría, polos anos vinte. Aparte do pequeno comercio, no que destaca o monopolio familiar da Casa Núñez, a agricultura segue a ser a actividade máis importante, até o punto de ser considerada a nosa comarca por un especialista agrario desta época como a mellor cultivada de toda Galicia (5). O paro na clase obreira vese apenas paliado polas obras benéficas financiadas polos García Naveira. A gran laboura destes irmáns, e posteriormente de don Juan en solitario, desenrolase ao longo de 18 anos até o remate da Ditadura: Asilo (1912) e Escolas (1914), Lavadeiro público (1912), Escolas Jesús García (1917), Refuxio (1923), Sanatorio San Miguel (1930), ademais do curioso e sorprendente Pasatiempo construído por don Juan a primeiros de século. Estas obras, especialmente as de máis envergadura, daban traballo a un bon número de obreiros, ademais de fornecer á vila dunha infraestrutura que a Administración e as institucións públicas non cubrían, facendo dos irmáns unhas figuras particularmente respetadas e queridas polas clases populares (6).

Progresivamente, un número cada vez maior de agricultores van acceder á propiedade da terra mercé á redención foral. En 1926 a Ditadura promulga a Lei de redención de foros (7), que xunto con outras actuacións populistas fará do ditador “unha figura particularmente estimable pró campesino galego” (8), se ben o proceso de redención foral xa tiña escomenzado anos atrás e continuará en anos sucesivos, preparando as condicións para a penetración do capitalismo no campo galego (introducción de maquinaria, produtos químicos, fertilizantes...).

Neste contexto de falla de credibilidade do sistema político e crise económica a chegada da Ditadura de Primo de Rivera foi, en xeral, ben recibida nun principio por un sector grande da poboación, que vía a posibilidade real da creba do poder caciquil. O Directorio militar nomeará uns delegados gubernativos para os distritos ou partidos xudiciais que serán os encargados de destituir e nomear alcaldes e corporacións municipais e de controlar a súa xestión (9), ao tempo que o ditador promove un partido único, a Unión Patriótica, aduana imprescindible para a ocupación de cargos públicos e que, a falla dunha ideoloxía concreta, basease na fidelidade ao ditador. Créase tamén un corpo parapolicial armado, o Somatén, sendo o de Betanzos o primeiro “completamente armado y organizado en la octava región” (10). Os líderes agrarios e os vellos loitadores anticaciquís da localidade retirarán o seu apoio inicial ao ditador. Así, ningún deles figura nos cadros da Unión Patriótica, nutrida por grandes propietarios, notarios, mestres, indianos, comerciantes e médicos da localidade.

Durante a II República vívese, como no resto do país, unha etapa de efervescencia e radicalización política e de cambios importantes na socio-política local. Coexisten varios partidos, uns mo-

(4) César será alcalde no período 1912-1914, Francisco foi deputado provincial repetidas veces e Adolfo acadará a alcaldía en 1919 até a Ditadura, e voltará a sêlo ao remate da mesma Ditadura.

(5) Lois Peña Novo: “El problema agrario en Betanzos. Su resolución”, en Xogos Florais de Betanzos 1918, páx. 54-67. “En efecto así es, por sus tierras mejor trabajadas, por la clase de cultivo, el horticola que es el indicado aquí en Galicia, por los cultivos que no trabaja porque implicaría su uso un atraso..., y finalmente porque en la comarca brigantina apenas hay tierra alguna sin trabajar”. Con todo, Peña Novo queixábase de que se adicaran tanto terreo ao centeo e en xeral ao cereal, “que en Galicia debe proibirse”, en detrimento doutro produtos como os frutais. Con respecto ao viño, explicábase que “Hoy se cultiva poco más de la mitad de la tierra que antes se cultivaba”, posto que a reposición de cepas perdidas nas epidemias anteriores era lenta e costosa.

(6) Vex. Sociedades Obreras de Betanzos: “Mensaje a D. Juan y D. Jesús García Naveira”, Betanzos, 1908; Varios: “Velada literaria a la memoria del filántropo brigantino D. Jesús García Naveira, organizada por las Sociedades Obreras de Betanzos”, 1912. Sobre a figura dos irmáns, cfr.: Santiago de la Fuente García: “García Naveira, Juan y Jesús”, en Gran Enciclopedia Gallega, tomo 15, páx. 193-200, en curso de publicación; Manuel Rodríguez Crespo: “Lucha y generosidad de los hermanos García Naveira”, Betanzos, 1983.

(7) Ramón Villares Paz: “No cincuentenario de la ley de redención de foros (1926-1976). Aproximación al problema”, en Grial, n.º 54, Vigo, 1976.

(8) X.R. Barreiro Fernández: “Historia de Galicia. IV idade contemporánea”, Vigo, 1981, páx. 290. Para este mesmo autor “a Ditadura xogou un papel decisivo no agro, até o punto de poder afirmar que o paso da Ditadura foi altamente beneficioso para este sector”.

(9) Nesta etapa dase un verdadeiro “baile” de alcaldes, ocupando a alcaldía polo menos cinco persoas, algunhas verdadeiramente fugaces: José Calviño Salazar —este por dúas veces, a segunda por espazo de sete días—, Vicente Garma Paz, Emilio Romay Montoto, Antolín Sánchez Valeiro e Raúl Fernández Meás.

(10) Antonio Núñez Díaz: “Solemne entrega de la bandera al Somatén de Betanzos”, en Revista Núñez 1925.

nárquicos e republicano-burgueses de dereita e outros republicanos de esquerda e organizacións anarquistas. As sociedades obreiras e agrarias locais, despois de atravesar o obrigado período de ralentización da Ditadura, desenrolan unha intensa e dinámica actividade. Federadas anos atrás co nome de "La Unión Obrera", como condición para desfrutar o legado do benefactor Jesús García Naveira que lles permite a consecución dun local social compartido, atópanse agora integrados nos sindicatos UGT e CNT. A "Casa del Pueblo", local mercado e arranzado co legado, será escenario de importantes acontecementos e reunións de carácter agrario, obreiro e político. Nas sucesivas eleccións municipais, rachados en parte os vellos resortes caciquís, as clases traballadoras fan patente a súa vontade levando á alcaldía a auténticos líderes populares como Ramón Beade, José Novo e Tomás L. da Torre, ao apoiar as candidaturas progresistas e de esquerdas.

Os gobernos municipais da República prestarán unha especial atención ao ensino (creación de escolas e Instituto de 2.º Ensino), e a unha política de obras públicas e servizos, tendente a superar o agravio comparativo cos veciños do extrarradio "que, excepto a la hora de pagar gabelas, estaban en perpetuo olvido" (11), que se concretou na vila coa creación do xardín "Pablo Iglesias" e coa acoetida da rede de alcantarillado e traída de augas, co cal dotábase á poboación "de la mejora más importante que pudo soñar" (12).

Ao producirse a rebelión militar do 18 de xullo de 1936, algúns militantes obreiros e agrarios tentan unha resistencia cativa que non poderá impedir a toma da cidade polas tropas franquistas catro días despois, o mesmo día que se produce a queima da igrexa e convento de San Francisco (13).

Pese á escasa resistencia dos militantes frentepopulistas e non ter ocasionado mortes entre os elementos golpistas, a represión que se desatou en Betanzos foi tremenda: 33 persoas foron fusiladas ou paseadas, ao tempo que un numeroso grupo de fuxidos e exiliados salvaron a vida ao escapar das gadoupas dos golpistas (14).

Durante a longa etapa franquista os adeptos ao réxime, a través do aparato do *Movimiento* e da *Falange*, controlan o poder e toda manifestación da vida local. Son anos de grandes manifestacións relixiosas e paramilitares, silencios para uns, exaltacións para outros e dunha enorme proeza cultural e material. A emigración nos anos 50 volta a se producir con forza, dándose nesta década un decrecemento demográfico no concello (15).

Nos anos 40 e 50 ten lugar un cambio importante na economía e paisaxe agraria betenceira e mariñán coa introducción do cultivo do lúpulo. Os intereses dos empresarios do sector cervexeiro, ao estar os países abastecedores de lúpulo en plena guerra mundial, impoñen o fomento deste cultivo que na nosa comarca xa tiña precedentes de pequenas experiencias escomenzadas por Raúl Fernández Meás, animoso propagandista da introducción do cultivo. Cara 1950 a *Sociedad Anónima Española de Fomento del Lúpulo* xa tiña unha factoría instalada na Cruz Verde, que recollía, en réxime de monopolio, toda a produción da bisbarra e aínda de outras zonas. Despois dunha intensa campaña oficial, chégase á produción máxima a principios dos anos sesenta. Mais a política de precios imposta polo Ministerio de Agricultura xunto con actuacións abusivas da sociedade monopolista levaría ao abandono deste cultivo en poucos anos (16).

Decadencia da prensa liberal-caciquil

Feito sintomático das liortas internas do bando liberal é a desaparición de *La Aspiración*, sustentado por don Agustín, pouco despois de acadar a alcaldía o seu parente César Sánchez Díaz, para aparecer uns meses despois un novo semanario, de man da familia Sánchez Díaz, que irá trocando de nomeasegún os intereses políticos do momento.

Así *Nueva Era* —cuio título semella remitir a unha ruptura, aínda que soio sexa coa era

(11) Vex. Ramón Beade Méndez: "El mejor recuerdo", en Revista do Centro Betanzos de Buenos Aires, 1934.

(12) Vex. nota anterior.

(13) "Las sociedades agrarias, potenciadas por la UGT, la CNT y la FAI, trabajaron activamente durante los días 19, 20 y 21 en la tarea de propiciar la concentración de partidarios del Gobierno en la ciudad de Betanzos. No obstante la resistencia fue débil, ya que el día 22 los efectivos de la Comandancia de la Guardia Civil, en colaboración con grupos derechistas dirigidos por dos alféreces de navío y dos sargentos del Ejército, lograban adueñarse de la ciudad sin mayores dificultades". Xavier Costa Clavell: "Las dos caras de Galicia bajo el franquismo", Madrid, 1977, pax. 71.

(14) Tomamos da revista oficial do Centro Betanzos de Buenos Aires, n.º 58, agosto de 1962, a lista completa das vítimas: Bernardo Miño, Tomás López da Torre, José Novo, Manuel Allegue, Pedro Barral, Francisco Barreiro, José Baamonde, Manuel Calviño, José Carro, Antonio Maceiras, Juan Moreira, Gerardo Mosquera, José Maceda, Manuel Muñoz, Camilo Naveira, Luis Naveira, José Rilo, Manuel Ríos, Aurelio Castillo, Francisco Cortiñas, José Edeira, Tomás Fuentes, Manuel Fernández, Francisco García, Germán López, Antonio Lagares, Julio Sas, Pedro Teijo, Julio Teijo, Manuel Vales, Felipe Veiga, Celestino Veiga e Manuel Vázquez. Na obra "El alzamiento de 1936 en Galicia" da autoría de Carlos Fernández, considerada a máis exhaustiva neste tema, só se citan os fusilamentos do alcalde Tomás L. da Torre, do ex-alcalde José Novo e o asasinato dun soldado na estación do ferrocarril (páx. 130, 2.ª edición "Corregida y aumentada", Sada, 1982).

(15) De 10.827 habitantes en 1950, descéndese a 10.303 en 1963.

(16) Cfr.: Raúl Fernández Meás: "El cultivo del lúpulo en Betanzos", en Anuario Brigantino 1948; Maino: "El cultivo del lúpulo en Galicia. Una riqueza perdida", en Anuario Brigantino 1983, páx. 101-104.

“agustinista”— xurde uns meses despois da desaparición do anterior, sutitúlándose “Órgano de la opinión brigantina y defensor de los intereses comarcanos”, si ben o seu carácter ficaba nido no contido da publicación. O presunto carácter comarcal xustificano “porque para nosotros son igualmente respetables los intereses rurales y los urbanos”. Con todo, *Nueva Era*, no seu primeiro número, proclámase continuador “de otro recientemente desaparecido del estadio de la prensa” e manifesta o acatamento do liderazgo agustinista: “Si, estaremos inquebrantable y constantemente al lado de las huestes que tan inteligente y caballerosamente acaudilla el prohombre local D. Agustín García...”. A publicación deixa de saír aos dezaseis meses de súa aparición, aparecendo como continuador, despois dunhas eleccións municipais, *Betanzos Liberal*, definíndose “Órgano del partido Democrático”, cando o bando liberal decide seguir a liña política de Manuel García Prieto, un dos persoeiros que se disputaban a hexemonía dos liberais do Estado e que acaudilla a fracción democrática do partido.

A crise aberta no bando liberal faise pública no propio órgano ao anunciarse “Grandes acontecimientos políticos” e a creación dun novo partido en vísperas dunhas eleccións a Cortes. Por primeira vez recoñécense as diferenzas internas e cuestiónanse as directrices de don Agustín (17). Diferenzas que o propio órgano remonta á actuación do líder liberal nas anteriores municipais ao impoñer candidatos en convivencia con conservadores. A escisión producírase a raíz das eleccións a Cortes de febreiro de 1914, ao impoñerse para o distrito un candidato conservador oficialista, apoiado polo mesmo don Agustín, que non é aceptado polos patrocinadores de *Betanzos Liberal*. Estes eliminan do subtítulo da publicación a palabra “Democrático” e pásanse á fracción liberal acaudillada polo conde de Romanones, presentando ás eleccións un candidato do “verdadero Partido Liberal”. Fórmase un Comité liberal presidido por Eugenio Corral Golpe, no que César Sánchez e os seus fillos aparecen en segundo plano, ao parecer por propia vontade, e elaboran un manifesto que dirixen “AL PUEBLO”, pedindo que non se acepte ao candidato imposto e se vote ao liberal.

Nin que dicir ten que o sistema turnista non se alterou, gañando as eleccións o candidato conservador. *Betanzos Liberal* considera a Agustín García culpábel da derrota, e acusa de poñer en xogo “todos esos resortes, de que suele echarse mano en estos casos y que, aún, desgraciadamente producen efecto” (18).

A nova fracción liberal romanonista necesita limpar a fachada do seu órgano, que nun primeiro momento se tiña definido garciprietista, e suspenderá a súa publicación para dar paso a *Betanzos*, a secas, como “Órgano del Partido Liberal”, que acadará curta vida.

Dende os oitos anos ininterrompidos de *La Asociación* até os cinco exemplares de *Betanzos*, pasando polos sesenta e sete números de *Nueva Era* e os vintatres de *Betanzos Liberal*, a decadencia deste tipo de publicacións, sustentadas polos que detentan o poder político e económico no concello e aínda na bisbarra, é manifesta á altura de 1914. Decadencia motivada, na miña opinión, polo escaso rendemento da publicación —que ao millor soio lian os do propio bando— para os seus intereses políticos e pola importante expansión da chamada prensa provincial e rexional que vai acaparando o mercado das publicacións locais, ao tempo que se da o fenómeno do espallamento ás provincias da prensa madrileña, agrupada en grandes “trust” en torno ás opcións ideolóxicas dominantes.

Rexurdimento e o nacionalismo

Rexurdimento representa un fito na prensa local pola súa pretensión de facer unha publicación “seria” enteiramente en idioma galego. Certo que había os precedentes locais de *O Antroido* e *A Fuliada*, mais ficaban xa ben lonxe no tempo e ademais adoptaban un tono satírico e folclórico, cun emprego populista do idioma, que distaba das ansias de dignificación que os impulsores de *Rexurdimento* pretendían darlle ao galego.

A dignificación da lingoa e cultura galega, a reivindicación da personalidade diferenciada de Galicia e do seu dereito a organizarse e dotarse con institucións políticas propias, arelas que xa escozaban a vislumbrarse en determinados sectores a partir do século XIX, teñen nestes anos un relanzamento importante. En 1916 fúndanse na Coruña as Irmandades da Fala, da man de Antón Vilar Ponte, cunha primeira preocupación puramente lingüística e cultural, se ben ao pouco tempo ficará patente o carácter político do movemento (19). As Irmandades da Fala recollen o herdo do pensamento galeguista anterior, elaborando un proxecto político e ideolóxico na procura do autogober-

(17) “Hace tiempo que en el partido liberal viene notándose gran desasosiego motivado por los derrotos porque conducía a tan fuerte como sufrida agrupación su jefe...”, *Betanzos Liberal*, n.º 14, 22-II-1914.

(18) *Betanzos Liberal*, n.º 17, 15-III-1914.

(19) Justo González Beramendi: “Irmandades da Fala”, en *Gran Enciclopedia Galega*, tomo 18, páx. 53 e ss., en curso de publicación.

no de Galicia e da súa identidade como nación. Neste senso configúranse como un movemento crucial na historia do pensamento galeguista, dando o paso da etapa rexionalista ao nacionalismo. Pouco despois da fundación da Irmandade da Coruña xurden Irmandades noutras vilas de Galicia: Santiago, Ferrol, Ourense, Villalba, Pontevedra, Monforte, Mondoñedo, Vigo, Betanzos... En todos os casos trátase de grupos cultos e minoritarios, de extracción pequeno burguesa e ideoloxicamente heteroxéneos, cunha vocación aglutinante ao redor do seu proxecto político evitando as contradicións ideolóxicas. O seu órgano de expresión era *A Nosa Terra* (20), imprentado na Coruña, aínda que promoven outras publicacións de ámeto e temática máis restrinxida.

Rexurdimento aparece en agosto de 1922 autonomeándose “Orgao dos intereses mariñás”, aínda cando a ideoloxía e a militancia nacionalista dos seus promotores e colaboradores deixaba ben ás claras que a publicación estaba impulsada polos mozos da Irmandade da Fala local. Esta constituírase en outubro de 1917 por un fato de xóvenes da localidade presididos, nun principio, polo mestre Fransico Vales Villamarín, quen abandoaría a organización ao pouco tempo, cando esta adopta unha orientación claramente política e nacionalista. Non era un grupo moi numeroso —oscilaba entre doce e vinte militantes e achegados— aínda que, se valoramos o carácter minoritario, culto e elitista das Irmandades, era para ter en conta sobor de todo nunha vila das características da betanceira que ademais tiña neses anos un índice de analfabetismo de preto do 50%, según datos oficiais pouco fiables (máis por defecto que por exceso).

A Irmandade da Fala de Betanzos non encaixou nos esquemas socio-políticos do momento e, polo tanto, a súa introducción social debeu ser cativa. Os sectores próximos ao poder atácanos polo seu anticaciquismo e os sectores obreiros acúsanos de reaccionarios. Con todo, a Irmandade levou a cabo unha importante actividade de concienciación cultural, fomentando a nosa lingoa e cultura: organizou conferencias e os Xogos Frorais de 1918, levou adiante unha campaña en prol do teatro galego, creando un importante premio para obras de teatro galego e un cadro de declamación que representou varias obras en Betanzos e noutras vilas da bisbarra, popularizou o emprego do hino e bandeira galega e sacou adiante durante un tempo a publicación *Rexurdimento*, despois de varios anos sin publicacións na localidade.

Rexurdimento dedicaba a maior parte do seu espacio a temas culturais e literarios, outra parte importante a información e temas locais e o resto a temas socio-políticos, con información de Portugal e de Irlanda que estaba a vivir un proceso histórico. Tampouco fallaba unha curiosa sección de Pasatempos. A publicidade, de comercio da localidade, ocupaba aproximadamente o 20% do espazo e, ademais de axudar a financiar a publicación, contribuía á normalización lingüística ao estar redactados en galego todos os anuncios. O feito de saír os días de feita en Betanzos indica que buscaba lectores entre os mariñáns que acodían ás feiras; o propio subtítulo da publicación xa sinala esta pretensión de chegar a toda a bisbarra. Nembargantes, a información da bisbarra era escasa centrándose maioritariamente en Betanzos.

No número 6 —que sería o derradeiro— anúncianse importantes cambios na publicación: “aumentando notabelmente en tamaño e número de follas así como mellorado na clase de papel en que se impronta, formato, traballos, etc.”. Así mesmo, deixase entrever a suspensión da publicación por un tempo, coincidindo coa viaxe do seu director a Madrid a rematar os estudos de Medicina.

Os cambios producíronse, efectivamente, aínda que noutra dirección diferente da anunciada. En xaneiro de 1923, *Rexurdimento* reanuda a saída, escomenzando así unha “2.^a época”, pero xa como órgano da Irmandade Nazionalista Galega (ING) —escisión producida no seo das Irmandades— e perdendo totalmente o carácter local, o cal deixao fóra das lindes do noso estudo. Con todo, a administración e impresión do boletín vai continuar facéndose en Betanzos, aproveitando a infraestrutura que xa existía e mantendo a publicidade dos comerciantes betanceiros.

En agosto de 1923, *Rexurdimento*, “órgano da ING”, incluíu un “Suplemento adicado a Betanzos” de catro páxinas co nome de *Brigo*, elaborado pola Delegación nazionalista local que dirixía Lois Cortiñas. Debeu ser un suplemento único, xa que *Rexurdimento* tivo que suspender a súa publicación no mes de setembro coa chegada da Ditadura (21), sendo o número de agosto o derradeiro desta 2.^a época do boletín. O desexo dos nacionalistas betanceiros de que as dúas follas suplementarias “dise pé a un amplo periódico defensor dos intereses de Betanzos e da súa comarca...” non

(20) Vex. Margarita Ledo Andión: “Prensa e galeguismo”, Sada, 1982.

(21) Así o fai constar Lois Cortiñas nun artigo rememorando os anos da Ditadura: “Aos poucos día do golpe de Estado chamounme o alcalde de Betanzos, que por certo era un médico que viñera facía poucos anos d’un povo d’outra provincia e tomou a este povo e seus habitantes por cousa distinta que lle merece; obrigounme a darlle o meu nome para me facer responsable do que cubera; pero como eso non era todo foi necesario ademais que se nos prohibira a publicación d’ese xornal /Rexurdimento/ hasta nova orden, así coma toda manifestación de galeguismo: O local social da Irmandade tivo que pecha-las súas portas...” (“O ano derradeiro en Betanzos”, en *A Nosa Terra*, n.º 279, 1-1-1931). O alcalde citado era Xosé Calviño Salazar.

nido levarse á práctica.

A prensa da Ditadura

Ao mes seguinte da implantación da Ditadura aparece *La Batalla* como “quincenario independiente”. Despois da crítica e caótica situación vivida nos derradeiros anos da Restauración, algúns sectores sociais coidan chegado o momento de rachar o sistema caciquil e rematar co problema agrario, animados polas primeiras declaracións públicas do ditador. Así o creía firmemente *La Batalla* no seu número 1: “El Directorio que rige los destinos de la Patria, está destrozando el tinglado caciquil”.

Ao redor da publicación aglutinábase un grupo heteroxéneo de cidadáns que na súa declaración de principios pretendían “extirpar el caciquismo, levantar el espíritu colectivo, despertar el sentimiento ciudadano, propulsar cuantas mejoras tiendan a engrandecer nuestra ciudad” (22). Ao tema do caciquismo, representado para eles por don Agustín e a familia Sánchez, dedicáranse abundantes críticas non insentes de ironía e humor (23). Mais a Ditadura non soio non rematou co sistema caciquil senón que fomentou un caciquismo de novo cuño. As costumes sociais e a dependencia estaban fortemente arraizadas na xente. Xa no mesmo número 1, *La Batalla* recoñecía, contradictoriamente e con amarga ironía, que “a pesar del Directorio las gentes siguen llevando el hierro de la ganadería”.

Ademais do exterminio do caciquismo, a publicación prestará grande importancia ao agrarismo e á resolución do problema agrario, como reflexo do peso das sociedades agrarias na publicación. Así, no número 2 adícalle toda a portada a “El gran mitin agrario” que se víña de celebrar no Salón Teatro da Casa do Povo, organizado pola Federación Provincial Agraria que presidía o betanceiro Xosé García Acuña, xerente do xornal coruñés *El Noroeste*. O acto foi unha auténtica manifestación anticaciquil e unha total apoloxía do Directorio e de Primo de Rivera, como se pode apreciar nos resúmenes das intervencións dos oradores. No número 3, o derradeiro que coñecemos, dabase noticia da constitución da Federación Agraria do Partido de Betanzos, feito sinalado con satisfacción polo quincenario. Outra preocupación da publicación será a xestión democrática da antiga sociedade “Liceo Recreativo de Artesanos”, presidida nese intre por Adolfo Sánchez, que contaba ao redor dos 300 socios.

En xuño de 1925 aparece *Patria* como órgano da Unión Patriótica, partido do ditador que precisamente víña de constituir o seu comité provisional local, presidido polo recién nomeado alcalde Antolín Sánchez Valeiro (24).

O curioso da publicación é o seu carácter supracomarcal, pois reclamábase voceiro da U.P. nos partidos de Corcubión, Ordes e Betanzos e publicaba información dos tres distritos. A razón de tal carácter esplicase polo feito de ser o Marqués de la Atalaya, fundador da publicación, delegado gubernativo para os tres distritos. Con todo, a publicación dirixíase, imprentábase e administrábase en Betanzos.

No número 1, despois de anunciar que “llevamos 21 meses de tranquilidad y bienestar en España”, a publicación facía estimacións políticas de futuro: “El Directorio gobernará largo tiempo. No puede dejar el poder hasta que la Unión Patriótica esté en condiciones de recogerlo y gobernar por el bien de la Patria”.

O feito de que a Dictadura tentara rachar con “las viejas organizaciones y los partidos políticos del anterior régimen” que “no volverán porque así lo desea el pueblo”, non impedía que vellos políticos e persoeiros do anterior réxime, reconvertidos pola Ditadura, segueran a detentar parcelas de poder local. É o caso, por exemplo, do conservador Antolín Sánchez, quen ao encetar a súa nova laboura no goberno municipal cifraba esta no “mantenimiento del orden, la seguridad personal, el respeto a la propiedad, el amor a la familia, la patria, la religión...” (25).

(22) *La Batalla*, n.º 1, 21-X-1923.

(23) “Con las incidencias de la política local en sus últimos tiempos hay materia suficiente para escribir un libro. Los personajes centrales serían los caciques; el objeto, sus intrigas; el autor, un humorista; el título: *La lucha por la herencia*” (*La Batalla*, n.º 1). Por suposto que os “herdeiros” tiñan nomes e apelidos: “No siendo cuatro revoltosos que niegan y discuten todo, nadie puso nunca en duda el talento hereditario de los Sánchez. Por algo fueron alcaldes el abuelo, el padre, los hijos y, a no ser por el Directorio, seguirían ostentando tal representación los nietos, biznietos, etc. etc...” (*La Batalla*, n.º 2).

No n.º 1 publicáronse o seguinte texto a xeito de anuncio: “TINGLADO CACIQUIL/ LIQUIDACION POR DERRIBO Y CESE DE INDUSTRIA/ ARTICULOS DE EXPORTACION/ SE SILDAN: Caciques, caciquillos y aspirantes, duchos en el oficio y especializados en/ el pucherazo./ Secretarios a gusto y medida del/ cliente./ Muñidores electorales./ Testaferros./ Esconcejales y exalcaldes nominales./ (los hay mudos, diciendo sí y no, y ar-ticulando algunas palabras. Estos ul/timos tienen sobreprecio)./ Levitas seminuevas, a medio uso y/ viejas./ Discursos relativamente originales/ para presentaciones, mítines, confe/rencias, banquetas, etc./ ¡Grandes existencias!”

(24) Outros membros deste comité local provisional de U.P. eran: Emilio Romay Montoto e Juan Pérez Serrabona, vicepresidentes; Vicente Rodríguez Vales, segredario; Luis Soto López, vicesegredario; Juan García Naveira, Bernardo Carro, Alfredo Barrós, Rogelio Borondo Díaz, Joaquín Peña Otero, Antonio Teijeiro, Agustín Núñez Díaz, José Calviño Salazar e Manuel Barreiro Ramos, vocais, Vx. *Patria*, n.º 1, 16-VI-1925.

(25) “Empezando a laborar”, *Patria*, n.º 1.

A singladura de *Patria* foi curta, desaparecendo seguramente ao cesar como delegado gubernativo o seu fundador.

Máis curiosa aínda é a *Revista Núñez*, difícil de catalogar como non sexa aplicándolle a propia definición de "Revista-almanaque", luxosamente editada, que a razón social "Hijos de A. Núñez" utilizaba a un tempo como autopublicidade dos seus negocios e agasallo anual aos seus clientes. A publicación, misturando os calendarios mensuais con algunha reportaxe de actualidade e moita pompa e oficialismo, pretendía emular ás luxosas revistas gráficas madrileñas dirixidas á burguesía. Nun editorial a xeito de presentación, Antonio Núñez Díaz, director da revista, mostrábase xustamente orgulloso da calidade gráfica acadada (26).

Xa esmorecendo a Ditadura aparece *La Semana Brigantina*, que nas suas páxinas visadas pola censura aboga por un renacer da vida local e comercial e dos hábitos sociais xa que "el cacique, el verdadero y legítimo cacique, va desapareciendo". Así, defende os intereses dos pequenos comerciantes locais, especialmente dos que responden ás novas esixencias do público, e pregará por unha campaña propagandista institucional para promocionar a cidade. Campaña beneficiosa para o comercio local e que a publicación botaba en falla agardando que a acometera o próximo alcalde que está a piques de ser nomeado.

A nominación dixital recaerá en Adolfo Sánchez Díaz, "...competente señor, que ya en otra ocasión demostró lo acertada y dignamente que puede desempeñar el cargo". Mais o apoio da publicación ao novo rexidor é crítico: "Tenemos derecho a dudar mucho de la prosperidad de Betanzos, si los nuevos concejales y su Presidente recuerdan todavía aquella manera de producirse las sesiones para dar a Juan lo que se le quitara a Pedro..." (27). Os promotores da publicación queren saír de dúvidas e para elo pretendían coñecer os proxectos do novo alcalde que, ao parecer, responden ao que eles agardan do novo rexidor "de no habérsenos engañado".

As acusacións de dependencia política *La Semana Brigantina* resposta taxantemente que "nuestro periódico es completamente independiente y alejado de todo señor político" e acusa aos duvidosos do seu apartadismo de descoñecer e ignorar "el papel que estamos desempeñando en la vida local" (28).

O ocaso e morte

Os anos da II República supuxeron, en xeral, un aumento considerabel de prensa e publicacións periódicas en Galicia, tanto nas cidades coma nas vilas, reflexo da inqueda social e política que se estaba a vivir, maiormente prensa de carácter político, obreiro e sindical (29). Nembargantes, no caso concreto de Betanzos, a etapa republicana non foi un incentivo especial para a aparición de novas publicacións. Por eses anos Vales Villamarín queixábase, con razón, da falla de publicacións e de inquietude xornalística na localidade e do decaimento dunha prensa local que tiña vivido etapas de esplendor (30). Posibelmente non fallaba tanto a inqueda coma os recursos económicos necesarios para soste unha publicación.

Sabemos da existencia de dúas publicacións na etapa republicana, e sempre por referencias, pois non tiven oportunidade de ollar ningún exemplar delas nin teño noticia de que se conserve algún. E das dúas publicacións devanditas, unha delas, *El Lince*, non foi máis que un intento, saíndo ao parecer un único número. Tratábase dunha publicación máis literaria que informativa, a xuzgar polo subtítulo "Literario-Científico-Artístico", dirixida polo profesor foráneo Andrés Dupire e contando entre os colaboradores ao xovencísimo escritor local Celestino Lois Crespo (31).

A outra publicación, de carácter ben diferente, foi *El Luchador ferroviario*, única publicación local propiamente obreira, que era o órgano dos traballadores do ferrocarril con base na estación de Betanzos-Infesta, vensellados seguramente a algunha das organizacións sindicais do momento, CNT ou UGT.

(26) "Referente a la parte tipográfica, podemos jactarnos de que en la única y modesta imprenta del pueblo, se ha confeccionado todo el presente número, desde la más sencilla composición, hasta la complicada tricomía que un día, en la portada de esa revista mundial, honra de las artes gráficas españolas, "La Esfera", cautivó a los amantes del arte, y que hoy es gala de nuestra Revista, reproducida siguiendo fielmente las instrucciones de su autor, el querido y común amigo Mariano Miguel". *Revista Núñez* 1925.

(27) *La Semana Brigantina*, n.º 6, 20-IV-1930.

(28) *La Semana Brigantina*, n.º 6, 20-IV-1930.

(29) Somentes en Viveiro xurden 6 novas publicacións durante a República (Vex. Gerino Núñez: "Los periódicos de Viveiro", Lugo, 1980) ao tempo que aparecen tamén noutras pequenas vilas: Negreira, Vilagarcía, A Estrada, Lalín, Cuntis, A Caniza, Redondela, Poio (de carácter relixioso), Tui..., ademais das novas publicacións xurdidas nas cidades máis importantes.

(30) Artigo de Vales Villamarín na revista Centro Social Betanzos, 1935 (citado por Míguez, o.c., pág. 88).

(31) Mestre e colaborador de varias publicacións. En 1946 publicaría un libro de poemas, con ilustracións do artista betanceiro Xesús Núñez, que cronolóxicamente debe ser o primeiro libro galego da posguerra: "Bretemas mariñas (poesías)", Imprenta de M. Villuendas, Betanzos, 1946.

Despois da guerra “civil” o réxime franquista non foi moi proclive ás publicacións locais. A prensa institucionalizase a través do aparello da prensa do Movemento. O franquismo, se ben non matou totalmente a prensa local, significou unha etapa de longa agonía para ela, con fortes trabas para este tipo de publicacións, ademais da implacabel e infraqueabel censura oficial, encamiñándoas cara vieiros institucionais.

Así, as publicacións betanceiras da época franquista, exceptuando a experiencia de *El Eco de las Mariñas*, están vencelladas dunha ou doutra maneira a institucións municipais ou educativas: o *Anuario Brigantino* e o *Boletín de Información Municipal* están financiadas e patrocinadas polo concello, e *Albor* polo Instituto de Ensino Laboral.

O *Anuario Brigantino* xurde en 1948 como unha publicación do concello de Betanzos —presidido polo perenne alcalde Tomás Dapena— con seccións de “Historia - Etnografía - Bellas Artes - Administración municipal - Actualidades”. A pretensión de periodicidade anual non a acadou totalmente ao non estabilizarse a publicación, que tivo edicións en 1949 e 1951 ademais da de 1948 (32), pese ao interese do seu director, Francisco Vales Villamarín, en continuala.

Vales Villamarín foi o “alma mater” do *Anuario*, cuxo esquema non vairo sustancialmente nas tres edicións, e pretendeu darlle unha dignidade cultural máis aló da pantalla oficialista e publicitaria que o concello perseguía coa súa publicación. Para elo contaba cunha interesante nómina de colaboradores artísticos, literarios e gráficos, a maioría de fóra da localidade, ademais de incluír textos de autores galegos xa desaparecidos. O idioma empregado era lóxicamente o español, cunha tímida apertura ao galego, especialmente en textos literarios.

O carácter oficialista do *Anuario* obrigáballo a determinados tributos como o de encabezar a edición de 1948 cun retrato de Franco, “caudillo providencial de España, paladín de la justicia y espejo de caballeros cristianos”, ou o dunha esaxerada foto-homenaxe de Antonio Martín-Ballesteros, gobernador civil e xefe provincial do Movemento, que tiña como pretendido mérito o de promover “la construcción de viviendas ultrabaratadas emplazadas en el barrio de la Magdalena”. De todos os xeitos no triste e mouro panorama cultural dos anos coarenta e cincuenta a publicación foi un importante fíto cultural.

O *Anuario Brigantino* voltaría a rexurdir no 1981, ano dende o que se ven publicando normalmente.

O *Boletín de Información Municipal* apareceu en marzo de 1953. Cunha periodicidade variable tencionaba informar aos cidadáns de asuntos internos e oficiais da vida do municipio e da actividade comercial local, así como ilustrar sobor dos fíto e avantaxes do réxime franquista. Da parte semi-erudita ocupábase Benito Sánchez, segredario do concello. O número nove, e derradeiro, rachou os moldes dos anteriores ao tratarse dun “fascículo extraordinario dedicado a las fiestas patronales” de 1955, publicando numerosos traballos e colaboracións literarias e artísticas.

En 1957 tivo unha reedición, co nome de “*Hoja informativa*”, mais xa totalmente dexenerada en canto a presentación, deficientemente imprimida a multicopista de maneira que algúns textos son case ilexíbeis.

En maio de 1953 aparece tamén *Albor* como boletín informativo do Instituto Laboral, dirixido polo profesor José Antonio Míguez e redactado por profesores e alumnos do centro, con algunha colaboración esterna ocasional. A iniciativa proviña de instancias superiores, “cumpliendo las instrucciones del Patronato Nacional de Enseñanza Media y Profesional y de la Dirección General de Enseñanza Laboral”. Informaba de asuntos relativos ao ensino laboral, vida do propio centro e de temas locais e comarcais. Non conseguiu acadar a periodicidade que se propoñía de tres números por curso, desaparecendo no segundo trimestre do curso escolar 1955-56 despois de publicar 8 números cunha tirada de 750 exemplares, que se distribuían gratuitamente “por toda la comarca y llega incluso a todas las provincias españolas donde existe algún Centro Laboral”.

En 1956 un fato de xóvenes da localidade danlle vida ao longo de oito meses e non con poucas dificultades a *El Eco de las Mariñas*, revista quincenal que non acadou os apoios e a acollida necesaria para manterse.

El Eco foi un intento de prensa comarcal, centrada en Betanzos, nuns tempos difíciles para semellante tarefa pola rixida restricción á liberdade de expresión e pola mesma dificultade mesma de acadar o permiso oficial para a publicación. Con todo, el Eco tentaba saltar as limitacións expresivas a través dun humor irónico e acedo, representado nas crónicas de Xulio Cuns e Francisco-Carlos Seijo, na sección ¡Aquí Coirós! do corresponsal Lugilde ou nas indagacións de “nuestros agentes” Watso de Leche e J. Olmes.

(32) O *Anuario* correspondente a 1948 saíu do prelo o 10-VIII-1948, mentres que o correspondente a 1949 saíu o 2-I-1950, sin que conste a data de saída do correspondente a 1951.

A carón do propiamente local, das notas de sociedade, da sección agrícola ou da sección médica e das vicisitudes futbolísticas do Brigantium C.F., as “Páxinas Comarcales” informaban de todo aquilo que os seus corresponsais consideraban noticioso en Coirós, Paderne, Aranga, Infesta, Pontedeume, e aínda na máis lonxana Capela. Muñoz Vales poñía as notas de humor gráfico cos seus “monos” e as fotos de Veiga Roel daban pé ao director Concheiro a exercicios literarios, coa disculpa da brétema ou dun craroescuro na paisaxe. A vocación literaria de algúns dos seus redactores e as ansias de trascender o ámbito local ou comarcal da publicación levounos a solicitar a colaboración de persoeiros da cultura e literatura galega, caso de Otero Pedrayo, Ramón Piñeiro, Franco Grande ou García-Sabell.

Mais as dificultades económicas motivadas pola falla de publicidade e o escaso número de suscriptores —douscentos vintacatro, exactamente, según o seu director— conlevaron a desaparición da publicación, que acontece —despois de 18 aparicións quincenais— xustamente cando anunciaba un aumento do seu formato e seis páxinas nos números sucesivos, “según autorización de la Dirección General de Prensa...”

Vinte anos despois da desaparición de *El Eco de las Mariñas* algúns dos seus inspiradores recordaban as vicisitudes que atravesou a publicación ao longo da súa curta existencia (33). Así, o que fora seu administrador, Julio Villuendas, preguntábase “¿cómo fue posible que una ciudad como Betanzos dejase morir su único periódico por unas modestas pesetas?”, e respondaba: “El Eco de las Mariñas murió por la falta de apoyo, por la indiferencia con que Betanzos acostumbra a tratar todo lo que le pertenece comunitariamente...”. Francisco-Carlos Seijo, “Carlines”, coincidía—en clave de humor, por suposto— con estas apreciacións: “EL ECO DE LAS MARIÑAS desapareció o murió porque no tenía ni para pipas de girasol”. O optimismo de Xulio Cuns, escasamente profético polo de agora, leváballe a dicir: “Aquello que desapareceu pode, algún día, rexurdir e ¿quen nos dí que o ECO DAS MARIÑAS non pode un día calqueira voltar con novos folgos e co pulo da xuventude de hoxe?”.

El Eco non voltaría, aínda que a partires da transición política, despois da morte de Franco, xurdirán intentos de publicacións modestas e con escasos medios, vencelladas ao mundo estudantil, asociacións culturais e de veciños. Estas publicacións, multicopiadas a maioría, acadaron curta duración e a súa difusión máis ben restrinxida ao propio ámbito escolar, veciñal ou asociativo no que se desenrolaron. Foi o caso de *Follas e Papeles*, mensuario feito polos alumnos de Formación Profesional en 1976, *O Cirolíñas*, boletín da Asociación de Veciños do barrio da Ponte Vella, que xurde tamén en 1978, ou *Aguillón*, órgano da Asociación Cultural Betanceira, que tirou dous números en 1982 e 1983, entre outras.

Coido que despois de *El Eco de las Mariñas* xa non se pode falar, en rigor, de prensa periódica en Betanzos, pois estas últimas publicacións sectoriais dirixíanse a uns lectores moi determinados e carecían dunha vocación maioritaria ao non pretender abranger máis aló do seu campo específico. Coa desaparición, pois, de *El Eco de las Mariñas* chegaba a morte, polo menos momentánea, dunha prensa local que dende 1883 tivera unha longa traxectoria con avatares ben diferenciados como vimos de ver.

TINGLADO CACIQUEIL

Liquidación por demora y error de industria

ARTICULOS-DE EXPORTACION

SE SALDAN:

Caciqueos, caciqueilos y aspirantes,
dichos en el oficio y especializados en
el pucharazo.

Secretarios a gusto y medida del
cliente.

Mandados electorales.

Tostaferrones.

Excoconcejales y excoaldees nominales.
(los hay muchos, diciendo si y no, y ar-
ticulando algunas palabras. Estos úl-
timos tienen sobrepeso).

Levitas seminuovitas, a media uso y
vieja.

Discursos relativamente originales
para presentaciones, mítines, con-
ferencias, baquetos, etc.

¡Grandes existencias!

(33) “Como nació, vivió y desapareció El Eco de las Mariñas”, por Marcelino Álvarez, Xulio Cuns, Antolín Sánchez, Francisco Carlos Seijo, Julio Villuendas e Antonio Concheiro, en “Betanzos, fiestas patronales de San Roque 1976”.

NUEVA ERA

ORGANO DE LA OPINION BRIGANTINA

Y DEFENSOR DE LOS INTERESES COMARCANOS

AÑO I

SUSCRIPCIÓN.—Betanzos un mes—0,50 pts.—Fóra de esta ciudad, trimestre—2 pesetas.—Estranjeiro, id.—4 id.

Betanzos, Domingo 4 de Agosto de 1912

INSERCCIONES.—Comunicados, anuncios, rectificaciones, rasguños de emisorario y mortuorios, a precios convencionales.

NÚM. 1

NUEVA ERA

Organo de la opinión brigantina y defensor de los intereses comarcanos. Literatura-Ciencias y Amenidades.

PERIODICIDADE.— Semanal, despois dunha aparición irregular durante os primeiros números.

PRIMEIRO NUMERO.— 4-VIII-1912.

DERRADEIRO NUMERO.— 16-XI-1913.

NUMEROS PUBLICADOS.— 67

DIRECTOR.— Juan Ponte y Blanco.

REDACTORES E COLABORADORES.— José Bartolomé Vidal, Manuel Martínez Santiso, José Fontenla Vázquez, Adolfo Sánchez Díaz, Francisco Vales Villamarín ("Silvano de Leonisa"), José Fuentes Miño, A. Dopico Ferreiro, Vicente Abarrategui ("Petraca", corresponsal en Buenos Aires), Bernardino C. Novo (corresponsal en La Habana), Ricardo Curiel.

FORMATO.— 43 x 32 cm.

N.º DE PAXINAS.— 4, a catro columnas.

LUGAR DE IMPRESION.— Imp. Sucesores de Castañeira e Imp. de B.B. (Bernardo Boni, casado coa Viúva de Castañeira).

PRECIOS.— Betanzos, 1 mes: 0,50 pts; Fóra, trimestre: 2 pts.; Estranjeiro, trimestre: 4 pts.

OUTRAS CARACTERISTICAS.— Organo ao servizo dos intereses políticos de César Sánchez e familia. Tira da aproximada de 400 exemplares. Presta especial interese ao recente inaugurado ferrocarril Betanzos-Ferrol e faise eco da petición da construción do tramo Santiago-Cortiñán, para acadar unha liña férrea Ferrol-Betanzos-Santiago. Informaba abundantemente das actividades das sociedades betanceiras na emigración arxentina e cubana. Reproduciu algúns poemas en galego de B. Losada e Barcia Caballero. Publicou un "Suplemento al n.º 3 de unha única páxina. Intercambiábase con abundantes publicacións de Galicia e outras de fóra (Barcelona, Almería, Asturias, Navacarnero, Béjar e Madrid). Tiña publicidade de comercios da localidade, insertando tamén algunha esquel.

LOCALIZACION.— Arquivo Municipal de Betanzos, Sala Cronista Vales Villamarín: Todos os números, agás o 7, 11, 12 e 14.

BETANZOS LIBERAL

ORGANO DEL PARTIDO DEMOCRATICO

AÑO I

Domingo: 23 de Noviembre de 1913

NÚM. 1

BETANZOS LIBERAL

Organo del Partido Democrático (1).

PERIODICIDADE.— Semanal.

PRIMEIRO NUMERO.— 23-XI-1913.

DERRADEIRO NUMERO.— 26-IV-1914.

NUMEROS PUBLICADOS.— 23

DIRECTOR.— Juan Ponte Blanco.

REDACTORES E COLABORADORES.— Fabián Vidal, José Bartolomé Vidal ("Melotobar"), José M. Neira, Adolfo Sánchez Díaz, José Fontenla Vázquez, "X", "Z".

(1) A partir do n.º 16 aparece borrada a palabra "Democrático" do subtítulo, como reflexo da escisión do bando liberal local.

LOCALIZACION.— Archivo Municipal de Betanzos, Sala Cronista Vales Villamarín: Todos ós números.

RETANZOS



ÓRGANO DEL PARTIDO LIBERAL.

AÑO 1.	PRECIOS DE SUSCRIPCIÓN		PADERNE (BETANZOS) 14 DE MAYO DE 1914	ADVERTENCIAS Se admiten toda clase de anuncios y esquelas mortuorias a precios convencionales. Pago adelantado.	NÚM. 1
	BETANZOS un mes	30 pts.			
	PROVINCIA. trimestre	2 pts.			
	EXTRANJERO id.	4 id.			

LOCALIZACION.— Archivo Municipal de Betanzos, Sala Cronista Vales Villamarín; Todos ós números.

PRECIOS.— Betanzos, trimestre: 0,60 pts; Fóra da localidade: 0,90 pts; exemplar solto: 0,10 pts.

OUTRAS CARACTERISTICAS.— En realidade era o órgano da Irmandade da Fala de Betanzos, fundada en 1917. Carácter nacionalista. Totalmente en galego, incluso anuncios. Publicou ilustracións de Veiga Roel, Alvaro Cebreiro e Xaime Prada. Reproduciu textos de Xoan V. Viqueira, Marqués de Figueroa e dos portugueses Teixeira de Pascoaes e Antonio de Cértima. Algunhas seccións fixas eran: Novas locais, De sociedade, Deportes, De Portugal, D'Irlanda, Libros e revistas... Contaba con abundante publicidade de comercios da localidade e de publicacións de carácter nacionalista. Tivo unha segunda época, como órgano da Irmandade Nazionalista Galega (ING), de xaneiro a agosto de 1923, mais perdendo totalmente o carácter local, aínda que seguía a imprimirse e administrarse en Betanzos.

LOCALIZACION.— Arquivo Municipal de Betanzos, Sala Cronista Vales Villamarín: Todos os números. Colección particular da familia Veiga: Todos os números.

LA BATALLA

QUINCENARIO INDEPENDIENTE

AÑO I - N.º 1

Betanzos, 21 de Octubre de 1923.

10 céntimos

LA BATALLA

Quincenario independiente.

PERIODICIDADE.— Quincenal.

PRIMEIRO NUMERO.— 21-X-1923.

DERRADEIRO NUMERO.— ?

NUMEROS PUBLICADOS.— ?

DIRECTOR.— Non consta.

COLABORADORES.— Tomás López da Torre, José Sánchez Paz, Sergio, "Clarito"

FORMATO.— 32,5 × 22,5 cm. (n.º 1) e 43 × 32 cm. (n.º 2 e 3).

N.º DE PAXINAS.— 8, a dúas e tres columnas (n.º 1) e 4 (n.º 2 e 3).

LUGAR DE IMPRESION.— Imp. de M. Villuendas, Betanzos.

PRECIO.— 10 céntimos o exemplar.

OUTRAS CARACTERISTICAS.— Declárase independente aínda que apoia, nun principio, a actuación do Directorio militar de Primo de Rivera que viña de establecer a Dictadura. Carácter anticaciquil e agrario. Pretenden os seus promotores "extirpar el caciquismo, levantar el espíritu colectivo, despertar el sentimiento ciudadano, propulsar cuantas mejoras tiendan a engrandecer nuestra ciudad". Debeu desaparecer aos poucos números, decepcionados os impulsores da publicación pola posterior actuación da Ditadura. Contaba con algunha publicidade de comercios da localidade. Vendíase na ferretería de José Filgueiras, na rua dos Plateiros.

LOCALIZACION.— Arquivo Municipal de Betanzos, Sala Cronista Vales Villamarín: números 1, 2 e 3.

PATRIA

Redacción y Administración, Quiroga, 50.

ÓRGANO DE LA UNIÓN PATRIÓTICA DE LOS PARTIDOS DE CORCUBIÓN, ÓRDENES Y BETANZOS

Director, JUAN PÉREZ SERRABONA

AÑO I

BETANZOS, 16 DE JUNIO DE 1925

NÚM. I

PATRIA

Órgano de la Unión Patriótica de los partidos de Corcubión, Ordenes y Betanzos.

PERIODICIDADE.— Quincenal, saía os días de feira.

PRIMEIRO NUMERO.— 16-VI-1925.

DERRADEIRO NUMERO.— ?

NUMEROS PUBLICADOS.— ?

DIRECTOR.— Juan Pérez Serrabona.

REDACTORES E COLABORADORES.— Antolín Sánchez Valeiro, José Calviño Salazar, Manuel Balboa López, Nicolás del Río, Noche (corresponsal en Coirós), José Antonio San Martín (presidente de U.P. no distrito de Corcubión), F. Esmoris Recamán (médico de Fisterra).

FORMATO.— 35,5 × 25,5 cm.

N.º DE PAXINAS.— 6, a tres columnas.

LUGAR DE IMPRESION.— Imp. de M. Villuendas.

REDACCION E ADMINISTRACION.— Quiroga, 30.

OUTRAS CARACTERISTICAS.— Fundado polo Marqués de la Atalaya (delegado gubernativo para os distritos de Corcubión, Ordes e Betanzos) como órgano do partido do ditador Primo de Rivera. Publicación curiosa polo seu carácter intercomarcal, con abundante información local dos tres distritos, maiormente ensalzando a política de obras que se levaba baixo a Dictadura. No número 2 aparece o poema do muxián López Abente, "O meu mar", concesión insólita ao galego nunha publicación desta caste. Abundante publicidade de consignatarias, navieras, bares, casas de comidas e ultramarinos de A Coruña, Vimianzo, Corcubión, Betanzos e Ferrol.

LOCALIZACION.— Arquivo Municipal de Betanzos, Sala Cronista Vales Villamarín: números 1, 2 e 3.

REVISTA NUÑEZ

"Revista-almanaque Núñez, obsequio de la casa comercial Hijos de A. Núñez. Betanzos". Publicación anual.

PERIODICIDADE.— Anual.

PRIMEIRO NUMERO.— 1925.

DERRADEIRO NUMERO.— 1926 (?).

NUMEROS PUBLICADOS.— Coñécese unicamente os de 1925 e 1926.

DIRECTOR.— Antonio Núñez Díaz.

COLABORADORES.— Sofía Casanova, P. A. de Suevia, A. Villar Ponte, Javier Teijeiro Bugallo, Enrique Quirós, J. Alguero Penedo, Marqués de Figueroa, Rafael González Villar, Manuel Lamas Lourido, Mariano Miguel.


FORMATO.— 33,5 x 24 cm.

N.º DE PAXINAS.— 24 (n.º 1) e 28 (n.º 2) e capas de cartolina.

LUGAR DE IMPRESION.— Imp. de M. Villuendas, Betanzos.

OUTRAS CARACTERISTICAS.— É unha curiosa publicación que lle servía á Casa Núñez de autopropaganda e agasallo aos seus clientes. Os artigos e colaboracións intercalábanse cos calendarios dos meses do ano. Profusamente ilustrada, con fotografías, grabados (algúns en cor), retratos e fotos autógrafas de personalidades (Reis de España, Cardenal Primado, Primo de Rivera...). No exemplar de 1926 homenaxease aos "héroes del Plus Ultra", que viña de facer a histórica viaxe aérea. Papel satinado. A impresión é de gran calidade (o que di moito do nivel que podía acadar a imprenta de Villuendas), desmerecendo o seu contido, excesivamente pomposo e oficialista.

LOCALIZACION.— Arquivo Municipal de Betanzos: n.º correspondentes a 1925 (fotocopiado) e 1926.



La Semana Brigantina

PERIODICO INDEPENDIENTE, DEFENSOR DEL PUEBLO

Aparece los Domingos

Precio: 10 céntimos

AÑO I : — : Número 6

VANGUARDIA

BETANZOS, 20 ABRIL 1930

LA SEMANA BRIGANTINA

Periódico independiente, defensor del pueblo brigantino.

PERIODICIDADE.— Semanal (saía os domingos).

PRIMEIRO NUMERO.— 16-III-1930.

DERRADEIRO NUMERO.— ?.

NUMEROS PUBLICADOS.— Chegou polo menos ao número 7 (27-IV-1930).

DIRECTOR.— Non figura.

COLABORADORES.— Adolfo Vila Real, Enrique Rivas Capell, Eduardo Barreiro, Mariano Marcos, "Cicaco".

FORMATO.— 27,5 x 21 cm.

N.º DE PAXINAS.— 4, a tres columnas.

LUGAR DE IMPRESION.— Galera, 48, A Coruña.

PRECIOS.— Exemplar: 0,10 pts.; subscripción trimestral: 1,50 pts.

OUTRAS CARACTERISTICAS.— Aparece ao remate da Ditadura, na curta etapa alcumada "dictablanda", preludio da II República. Defende os intereses dos pequenos comerciantes da localidade e prega por unha campaña propagandística de promoción da cidade ao tempo que critica o caciquismo anterior. Nas suas páxinas figuraba a lenda: "Este número ha sido visado por la censura". Informaba de novas locais, mercados, santoral, fútbol. Ilustrado con grabados, fotografías e algunha viñeta humorística. Cada número imprentouse con tinta de cor diferente (verde, violeta...). Contaba con publicidade de algúns comercios da localidade. Na cabeceira figuraba o lema "Vanguardia".

LOCALIZACION.— Arquivo Municipal de Betanzos: fotocopias dos números 3 (parcial) e 6.

EL LUCHADOR FERROVIARIO

PERIODICIDADE.— Quincenal.

PRIMEIRO NUMERO.— 1932.

NUMEROS PUBLICADOS.— Chegou, polo menos, ao número 14, correspondente á 2.ª quincena de febreiro de 1933.

N.º DE PAXINAS.— 4, a dúas columnas.

LUGAR DE IMPRESION.— Imp. de M. Villuendas.

REDACCION E ADMINISTRACION.— Estación de Betanzos-Norte.

OUTRAS CARACTERISTICAS.— Trátase da única publicación betanceira de carácter ovreiro, aínda que restrinxida aos traballadores do ferrocarril. Seguramente estaría vencellada a algunha das dúas organizacións sindicais máis importantes do momento, a UGT ou a CNT.

LOCALIZACION.— As escasas referencias que temos desta publicación —da cal non se conservan exemplares— proceden duns apuntes inéditos de Vales Villamarín.

EL LINCE

Periódico semanal. Literario-Científico-Artístico.

PRIMEIRO NUMERO.— 1-X-1932 (único número).

NUMEROS PUBLICADOS.— 1

DIRECTOR.— Andrés Dupire.

REDACTORES E COLABORADORES.— Celestino Luis Crespo.

FORMATO.— 32 × 22 cm.

N.º DE PAXINAS.— 8.

LUGAR DE IMPRESION.— Imp. de M. Villuendas.

LOCALIZACION.— Coñecemoslo unicamente por referencias.

ANUARIO BRIGANTINO

Historia-Etnografía-Bellas Artes-Administración Municipal-Actualidades.

PERIODICIDADE.— Anual (pretendidamente).

PRIMEIRO NUMERO.— 1948.

NUMEROS PUBLICADOS.— Sairon os correspondentes a 1948, 1949 e 1951. A partir de 1981 foi revivido, nunha especie de 2.ª época, saíndo regularmente dende entón. Aquí referímonos unicamente aos da “primeira época”.

DIRECTOR.— Francisco Vales Villamarín.

COLABORADORES.— Jesús Gundín Hurtado, Celestino Luis Crespo, Raúl Fernández Meás, Julio Picatoste Franco, José Alguero Penedo, Antonino Vázquez Bonome, Vicente Abarrategui Paradelá, Luis Sevilla González, Antonio Concheiro Caamaño, e como ilustradores: José Veiga Roel, Fernando Cortés, Jesús Núñez, J.L. Muñoz Vales, J. Teijeiro Bugallo..., entre os betanceiros; Juan Naya, Teodoro Sandomingo, Enrique Chao Espina, Angel del Castillo, Manuel Roldán, J.L. Bugallal, Alvaro Cunqueiro, Ramón Villar Ponte, Ramón Otero Pedrayo,... e un longo ect. entre os foráneos.

FORMATO.— 24 × 16,5 cm.

N.º DE PAXINAS.— Sen paxinar. O primeiro contaba arredor das cen páxinas e 34 máis de publicidade, para aumentar nas seguintes edicións a 140 e 176 páxinas, ao tempo que reducía as de publicidade.

LUGAR DE IMPRESION.— Imp. de M. Villuendas.

PRECIOS.— O exemplar de 1948 costaba 6 pts., pasando a 10 pts. en 1949 e 20 pts. en 1951.

OUTRAS CARACTERISTICAS.— Publicación patrocinada polo concello de Betanzos— con información oficial e local do ano, estadísticas e abundantes láminas artísticas reflexando temas e paixaxes locais, obra de importantes pintores e debuxantes. Publicou algúns traballos premiados nos “Juegos Florales de Betanzos” de 1946 e textos de escritores betanceiros e foráneos xa desaparecidos, nunha sorte de colaboración póstuma. Mostra unha pequena apertura á lingua galega, especialmente en traballos literarios. No Anuario de 1948 encartouse un plano da cidade, e no de 1949 un mapa do concello. O cronista oficial da cidade e director do Anuario, Vales Villamarín, publicou dous dos seus traballos de investigación sobre temas locais, ao tempo que encetou unha “Colección de documentos históricos”. A portada a dúas tintas, obra de E. de la Iglesia Caruncho, mantívose nas tres edicións, variando unicamente o ano de referencia. Contén abundante publicidade local a través da “Sección industrial y comercial”.

LOCALIZACION.— Arquivo Municipal de Betanzos: Todos os publicados.



BOLETIN DE INFORMACION MUNICIPAL

PERIODICIDADE.— Mensual, nun principio, e irregular posteriormente.

PRIMEIRO NUMERO.— Marzo de 1953.

DERRADEIRO NUMERO.— Agosto de 1955.

NUMEROS PUBLICADOS.— 9

DIRECTOR.— Non figura.

REDACTORES.— Benito Sánchez Valeiro, ao asinar as suas colaboracións, é o único que escapa do anonimato. O número 9, de carácter especial, recolle unha boa nómina de colaboracións ocasionais que citamos noutro lugar.

FORMATO.— $24,5 \times 17$ cm. O número nove, especial, aumentouno a $31 \times 21,5$ cm.

N.º DE PAXINAS.— 8. O número especial e derradeiro contaba con 18 páxinas máis a capa.

LUGAR DE IMPRESION.— Imp. de M. Villuendas, agás os números 1 e 9, imprentados na Coruña, en Imprenta Sindical e Imprenta Lombardero, respectivamente.

ADMINISTRACION.— Casa consistorial.


PRECIOS.— Subscripción anual: 10 pts; número solto: 1 pta; número atrasado: 1,50 pts.

OUTRAS CARACTERISTICAS.— Publicación oficial do concello de Betanzos. Publica os acordos municipais, bandos, información dos plenos, presupostos municipais, relación das obras existentes na Biblioteca municipal e información das feiras e mercados da localidade. Reproducida en lugar destacado artigos tirados da "prensa del Movimiento", sobor da Falange, José Antonio, etc... No número 1, un retrato de Franco ocupaba toda a portada.

O número nove foi un "Fascículo extraordinario dedicado a las fiestas patronales", cunha capa reproducindo unha pintura de Seijo Rubio, publicidade e colaboracións literarias e gráficas de E. Chao Espina, Juan Naya, F. Vales Villamarín, Alvaro Cunqueiro, Manuel Roldán, Villar Chao, Cebreiro, Veiga Roel, Florencio Vidal, A. Vázquez Bonome, José de la Venta, Vidal Camazón e Artús.

En 1957 tivo continuidade nunha "Hoja Informativa", multicopiada, mais xa totalmente dexenerada en impresión e calidade, sendo algunhas delas case ilexíbeis.

LOCALIZACION.— Arquivo Municipal de Betanzos: números 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 9. Tamén poden ollarse alí —e difícilmente leer— os números 3, 4, e 7 da "Hoja Informativa" multicopiada.



albor



BOLETÍN INFORMATIVO DEL INSTITUTO LABORAL "FRANCISCO AGUIAR"

Año VI

BETANZOS, FEBRERO DE 1956

N.º 8

ALBOR

Boletín Informativo del Instituto Laboral.

PERIODICIDADE.— Variábel.

PRIMEIRO NUMERO.— Maio de 1953.

DERRADEIRO NUMERO.— Febreiro de 1956.

NUMEROS PUBLICADOS.— 8

DIRECTOR.— José Antonio Míguez.

COLABORADORES.— Profesores e alumnos do centro.

FORMATO.— $24 \times 34,5$ cm. o n.º 1, e $23,5 \times 34,5$ cm. os demais números.

N.º DE PAXINAS.— Primeiramente contaba con 8 pág. aumentando logo a 12 e saíndo os últimos números con 16 pág.

LUGAR DE IMPRESION.— Imp. Lombardero, A Coruña. O derradeiro número en Imp. Moret, A Coruña.

PRECIOS.— Gratuito.

OUTRAS CARACTERISTICAS.— Publicación oficial do Instituto Laboral, seguindo as consignas das xerarquías educativas oficiais. Informaba de asuntos relativos á vida do centro, ao ensino laboral, á actividade doutros Institutos laborais de Galicia, ao "Frente de Juventudes", de aspectos de lexilación referentes ao ensino laboral e de temas locais e comarcais, especialmente relacionados coa agricultura (lúpulo...) xa que esta era a especialidade impartida no Instituto. Nos números 4 e 6 publicou separatas de dúas conferencias impartidas polos profesores M.ª Carmen González e José Antonio Míguez, sobre "La evolución histórica de la Matemática" e "Santo Tomás de Aquino y su siglo", respectivamente. Publicou fotografías e debuxos de Veiga Roel. Na cabeceira, os escudos de Betanzos e o español oficial da época flanqueaban o nome da publicación. A tirada era de 750 exemplares, distribuíndose pola bisbarra, polos demais centros laborais do estado e por institucións da

emigración. A publicación, lóxicamente e dado o seu carácter oficial, escribiase enteiramente en español.
LOCALIZACION.— Arquivo Municipal de Betanzos: fotocopias de todos os números.

EL ECO DE LAS MARIÑAS

Año I

13. Febrero de 1956

Núm. 1

EL ECO DE LAS MARIÑAS

PERIODICIDADE.— Quincenal.

PRIMEIRO NUMERO.— 13-II-1956.

DERRADEIRO NUMERO.— 1-XI-1956.

NUMEROS PUBLICADOS.— 18

DIRECTOR.— Antonio Concheiro Caamaño.

REDACTORES.— Xulio Cuns, Antolín Sánchez "Keko", Francisco-Carlos Seijo "Carlines" e Marcelino Alvarez.

COLABORADORES.— J. Gundín Hurtado, Luis Sevilla, X.L. Muñoz, Veiga Roel, Pedro Carro, Amadeo Toleado, Manuel Martínez Lage, F.C. Vijoy, Emilio Carro, Antonino Vázquez Bonome, Ramón Otero Pedrayo, Ramón Piñeiro, Baldomero Cores, X.L. Franco Grande, e os corresponsais Lugilde (Coirós), José M.^a Otero (Paderne), Miguel Sanmartín (Aranga), Daniel Vázquez (Infesta) e Sergio Rábade (Pontedeume).

FORMATO.— 34,5 x 24,5 cm.

N.º DE PAXINAS.— 8, a dúas columnas. O número 13, extraordinario, contou con 18 pág.

LUGAR DE IMPRESION.— Imp. de M. Villuendas. Tamén na da Diputación provincial, cando esta non daba abasto, e nos obradoiro de El Ideal Gallego, A Coruña, ao remate.

PRECIOS.— Non figuran.

ADMINISTRADOR.— Julio Villuendas.

OUTRAS CARACTERISTICAS.— Intento de publicación comarcal. Tiña corresponsais en varias localidades dos arredores. Ao redor de 200 subscritores mantiñan a publicación, moitos dos cais enviaban os exemplares a familiares na emigración. Contaba con algunha publicidade de comercios da localidade. Publicou fotografías de Veiga Roel e deseños de X.L. Muñoz. Seccións fixas eran: Páginas comarcales, Sección Agrícola, Deportes, Páginas brigantina, Sección médica, De Sociedad. En español totalmente, con pequenas concesións ao galego nalgún texto literario. O número 13, especial dedicado ás festas patronais, publicou abundantes fotografías e colaboracións de importantes escritores galegos.

LOCALIZACION.— Arquivo Municipal de Betanzos: fotocopias de todos os números.

ADDENDA ET CORRIGENDA

Nas anteriores entregas deste traballo (Anuarios Brigantinos de 1983 e 1984) compre rectificar, ademais de varias erratas ortográficas que non alteran sustancialmente o contido, os seguintes erros e omisións:

A prensa betanceira (I)

—AS XEIRAS DA PRENSA BETANCEIRA, pág. 73: En lugar de "compre ter en conta que o 75% das publicacións xa tiña aparecido antes de 1910", debía dicir o 68% das publicacións.

—Ficha de LAS MARIÑAS, pág. 77: O primeiro número apareceu o 21-IV-1886 e non en maio dese ano. A Hipólito Codesido Sánchez substituíuno na dirección Juan Gómez Navaza, na 2.^a época do semanario.

—Fichas de O ANTROIDO e A FULIADA, págs. 78-79: O director destas publicacións era o tipógrafo Anxel Vázquez Taboada, quen asina algúns artigos coas iniciais A.V.T.

—Ficha de ¡YA SOMOS TRES!, pág. 82: O primeiro número apareceu o 2-V-1899 e non o 26-IV-1899. O director parece ser que era Manuel J. Lema. Unha das páxinas estaba enteiramente adicada a publicidade local do sector servicios.

—Ficha de POR LA PATRIA, pág. 84: O primeiro número apareceu xustamente o 26 de abril de 1898 e o derradeiro en xullo do mesmo ano. En total, saíron 71 números.

—BIBLIOGRAFIA SOBOR DA PRENSA BETANCEIRA, pág. 84: Debería figurar tamén os seguintes traballos:

- Míguez, J.A.: "El primer periódico betanceiro", en Betanzos, fiestas patronales 1974.
- Centro Betanzos: "Breve historia del periodismo en Betanzos", revista Betanzos, n.º 58, Buenos Aires, 1962.
- Varios: "Como nació, vivió y desapareció El Eco de las Mariñas", en Betanzos, fiestas patronales de San Roque, 1976.

A prensa betanceira (II)

—DE EL PUEBLO A LA DEFENSA, 1900-1910, ao remate da pág. 64: Onde di "califando", debería dicir "calificando".

—O ENFRENTAMENTO IDEOLÓXICO, pág. 65: Onde di "cando El Pueblo pasa a ser oficialmente órgano do sector liberal-caciquil", trocouse o nome da publicación pola de El Progreso.